



Os **atrapasoños** son instrumentos procedentes das tribos indias americanas. Esta formado por tres partes: o círculo ou aro, que representa a roda da vida; a malla ou a rede, que simboliza os sonhos, anhelos e ilusións que tecemos mentras durmimos; e, no centro da rede, atópase o baleiro onde está o espírito creador, o "Gran Misterio".

A tradición afirma que este tipo de elementos son de gran axuda para preservar as boas ideas e os sonhos agradables e para protexer a quen o posúe. Así, mestras durmimos, estas malas enerxías son atrapadas pola malla e disípanse polo buraco central cos primeiros raios de sol do día.

Pero coñeces a lenda que hai detrás dos atrapasoños???

Relata a lenda que había unha muller anciá chamada Asibikaashi que coidaba a tódalas persoas da Terra. Esta muller "araña" velaba por toda criatura do noso mundo, inclinándose sobre os berces e as camas dos nenos e nenas mentres tecía unha fina, delicada e forte telaraña que era capaz de atrapar todo mal entre os seus fíos e facelo desaparecer ó amencer.

Cando o seu pobo se dispersou por América do Norte, empezoulle a resultar moi difícil coidar a tódolos nenos e nenas, polo que as nais e as avoas tiveron que aprender a tecer redes con estas propiedades máxicas que atrapan os malos sonhos e os pesadelos, protexendo desta maneira aos seus fillos e netos.

Para construír os atrapasoños, os Ojibwa ataban hebras de salgueiro ao redor dunha argolla circular. O resultado final era unha rede parecida a unha telaraña.

A antiga lenda dos atrapasoños dos indios Ojibwa conta que os sonhos se deslizan pola rede filtrando aqueles que son bos a través das súas suaves plumas ata que chegan a nós. Por outra banda, os malos sonhos quedan atrapados no tecido e morren co primeiro raio de sol do día.

A día de hoxe fábranse e véndense sen prestar atención ó seu aspecto máxico e espiritual, perdendo a súa esencia e converténdose nun simple adorno. Agora que xa coñeces a historia dos atrapasoños...

Anímaste a facer o teu atrapasoños???

Nos seguintes enlaces tes tutoriais de cómo facelo
<https://www.youtube.com/watch?v=oX3FiQf9oyY>; <https://www.youtube.com/watch?v=LiMUoUbwv8>.

Ademais, deixámosche algunha idea para que te inspires

